

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE EMPREGO E IGUALDADE E A FEDERACIÓN DE ASOCIACIÓN DE PERSOAS XORDAS DE GALICIA (FAXPG) PARA GARANTIR UNHA ATENCIÓN INTEGRAL ÁS MULLERES XORDAS QUE SOFRAN VIOLENCIA DE XÉNERO, NO MARCO DO PACTO DE ESTADO CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO

Santiago de Compostela,

REUNIDAS

Dunha banda:

María Jesús Lorenzana Somoza, Conselleira de Emprego e Igualdade, actuando en nome e representación da Xunta de Galicia, en virtude do Decreto 112/2020, do 6 de setembro, polo que se nomean os titulares das vicepresidencias e consellerías da Xunta de Galicia, no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa presidencia.

Doutra:

Iker Sertucha Lista, que actúa en nome e representación da entidade Federación de Asociacións de Persoas Xordas de Galicia (CIF G15068091), en virtude da súa condición de representante legal, de acordo co nomeamento outorgado e segundo o disposto nos seus estatutos tal como consta no rexistro de entidades prestadoras de servizos sociais.

Ámbalas dúas partes interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das facultades que para convenir en nome das entidades que representan teñen conferidas,

EXPOÑEN

Primeiro.- Que a Consellería de Emprego e Igualdade, a través da Secretaría Xeral da Igualdade, ten entre as súas competencias impulsar as actuacións conducentes á promoción da igualdade e á eliminación da discriminación entre mulleres e homes, así como á eliminación da violencia de xénero

Segundo.- Que o artigo 41.3 do Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, dispón que a Xunta de Galicia loitará contra o tráfico de mulleres, nenas e nenos que teñan como finalidade fundamental a súa explotación sexual no territorio da nosa comunidade autónoma, establecendo que esa loita deberá realizarse a través dunha intervención integral que permita a prevención, detección, atención e, se é o caso, integración das mulleres vítimas do tráfico de explotación sexual.

Terceiro.- Que o artigo 3 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, modificada pola Lei 12/2016, do 22 de xullo, considera como unha forma de violencia de xénero a trata de mulleres e nenas con fins de explotación sexual e o artigo 47.1 establece que os centros e servizos que conforman os recursos de asistencia integral ás mulleres que sofren violencia de xénero teñen como finalidade básica achegarlles axuda e asistencia



directa ás mulleres e ás persoas delas dependentes, e apoialas na procura de solucións dos conflitos que derivan da violencia.

Cuarto.- Que a violencia que nas súas distintas formas se exerce contra as mulleres supón un serio atentado contra a dignidade e a integridade física, psíquica e moral destas e, en consecuencia, unha grave e intolerable violación dos dereitos humanos. A súa prevención e erradicación compete aos poderes públicos, que teñen a obriga de articular medidas de sensibilización, asesoramento, atención e protección ás mulleres que a sofren, procurando os medios efectivos e axeitados a cada caso e as alternativas para o exercicio dos seus dereitos como cidadás nun estado democrático.

Tendo en conta que as necesidades específicas das nenas e mulleres con discapacidade non están suficientemente cubertas, é preciso articular as ferramentas axeitadas para a defensa dos dereitos das mulleres con discapacidade, de cara a súa plena integración e participación en todos os ámbitos da sociedade.

Quinto.- Que o 15 de novembro de 2016, o Pleno do Congreso dos Deputados aprobou, por unanimidade, unha Proposición non de lei pola que se instaba ao Goberno a promover a subscrición dun Pacto de Estado en materia de Violencia de Xénero, polo Goberno da Nación, as Comunidades Autónomas e Cidades con Estatuto de Autonomía e a Federación Española de Municipios e Provincias, que siga impulsando políticas para a erradicación da violencia sobre a muller como unha verdadeira política de Estado. A Proposición non de lei establecía a creación, no seo da Comisión de Igualdade do Congreso, dunha Subcomisión que tiña como obxectivo elaborar un informe no que se identificaran e analizaran os problemas que impiden avanzar na erradicación das diferentes formas de violencia de xénero, e no que se incluían un conxunto de propostas de actuación, entre elas as principais reformas que deben acometerse para dar cumprimento efectivo a ese fin, así como ás recomendacións dos organismos internacionais. O Congreso, na súa sesión plenaria do 28 de setembro de 2017, aprobou o Informe da Subcomisión para un Pacto de Estado en materia de violencia de xénero.

Pola súa parte, a Comisión de Igualdade do Senado decidiu, o 21 de decembro de 2016, a creación dunha Ponencia que estudase e avaliasse, en materia de Violencia de xénero, os aspectos de prevención, protección e reparación das vítimas, analizase a estratexia para alcanzar e implementar un Pacto de Estado contra a Violencia de xénero e examinase a Lei Orgánica 1/2004, de 28 de decembro. O 13 de setembro de 2017, o Pleno do Senado aprobou, por unanimidade, o Informe da Ponencia de Estudo para a elaboración de estratexias contra a violencia de xénero.

Ambos informes conteñen un conxunto de propostas para previr e combater a violencia contra a muller e para mellorar na resposta que, desde as Institucións, se proporciona ás mulleres vítimas e ás súas fillas e fillos menores, e de xeito máis concreto poranse en marcha medidas para o perfeccionamento da asistencia, axuda e protección que se ofrece ás vítimas a aos seus fillos e fillas, revisando os plans de atención ás vítimas e garantindo un tratamento personalizado, potenciando e adecuando os recursos existentes e facilitando o acceso aos mesmos de todas as mulleres, con especial atención aos colectivos de mulleres máis vulnerables como as mulleres con calquera tipo de discapacidade.



Sexto.-Que as medidas 197 e 198 do Informe da Subcomisión para un Pacto de Estado en materia de violencia de xénero recollen a necesidade de garantir a plena accesibilidade en lingua de signos das persoas xordas usuarias desta lingua ao 112, o 062, o 091, e todos aqueles teléfonos públicos a disposición da cidadanía a través do servizo de videointerpretación á lingua de signos SVisual , así como a garantía dun acordo coas Comunidades Autónomas, para a presenza de intérpretes de lingua de signos, así como de mediadoras especializadas na atención a persoas xordas durante todas as fases do proceso de saída da violencia.

Sétimo - Que a entidade Federación de Asociacións de Persoas Xordas de Galicia vén traballando dende a súa fundación no desenvolvemento en accións que melloren a situación e a calidade de vida das persoas xordas, ante as Administracións e a sociedade en xeral e esixindo, como prioritario, o dereito a expresarse na súa propia lingua, a Lingua de Signos Española, e o acceso á información e a formación a través da mesma.

Conta cun Servizo de Intérpretes e Guías-Intérpretes de Lingua de Signos e cun Servicio Especializado de Atención a Persoas Xordas, distribuídos en 6 Axencias FAXPG ubicadas nas principais cidades de Galicia, así como cun servizo de formación.

Oitavo.- Que a concesión directa da subvención a través deste convenio se efectuará ao abeiro dos artigos 19.4.c) e 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 40 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, na que se prevé a posibilidade de excepcionar do réxime ordinario de concorrencia competitiva en base ao carácter singular das subvencións e razóns de interese público, social e humanitario, cal é o caso no que o interese prioritario é poder ofertar ás vítimas con necesidades especiais, como é o caso das mulleres xordas e xordo-cegas que sofren violencia de xénero, un servizo integral, de atención, apoio, e recuperación tendo en conta a súa especial vulnerabilidade .

Por todo o exposto ámbalas dúas partes acordan asinar o presente convenio de colaboración en base ás seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. OBXECTO

O obxecto deste convenio é establecer as bases reguladoras e as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Emprego e Igualdade, a través da Secretaría Xeral da Igualdade e a Federación de Asociacións de Persoas Xordas de Galicia para contribuír a mellorar a atención ás mulleres xordas e xordo-cegas que sofren violencia de xénero en Galicia, coa posta en marcha dun servizo de intérpretes en lingua de signos dende o momento de presentación da denuncia, así como apoiar a formación das e dos profesionais que traballan neste eido. Igualmente será obxecto do presente convenio a sensibilización no eido da violencia de xénero dirixida a mulleres xordas mediante a organización de formación e sensibilización especializada.



SEGUNDA.-COMPROMISOS

A Federación de Asociacións de Persoas Xordas de Galicia comprométese a prestar o apoio preciso ás mulleres xordas que sofren violencia de xénero, nas condicións establecidas no presente convenio de colaboración, en concreto a levar a cabo as seguintes actuacións:

-Prestar o servizo de intérpretes ás mulleres vítimas de violencia de xénero xordas e xordo-cegas, que será activado segundo o protocolo que de común acordo de determine entre a Federación de Asociacións de Persoas Xordas de Galicia e a Secretaría xeral da Igualdade.

Para estes efectos o importe a imputar será de 60 euros a primeira hora e 25 euros por cada fracción de media hora, sempre que esta sexa superior a 10 minutos.

Este mesmo importe imputarase no caso de prestar o servizo de intérprete na formación, xornadas ou talleres desenvolvidos ao abeiro deste convenio.

- Organizar formación específica dirixida a profesionais de atención especializada a mulleres xordas da FAXPG (intérpretes de lingua de signos, traballadoras sociais, psicóloga e mediadoras da comunicación), e a futuros profesionais, para formar en conceptos e cuestións relacionadas coa violencia de xénero.

- Organizar xornadas/talleres dirixidos a persoas xordas sobre sensibilización e prevención de situacións de violencia.

- Elaborar e adaptar materiais específicos para a sensibilización e prevención da violencia de xénero.

TERCEIRA. ORZAMENTO

Para sufragar os gastos derivados do presente convenio, a Consellería de Emprego e Igualdade, a través da Secretaría Xeral da Igualdade, aboará á Federación de Asociacións de Persoas Xordas de Galicia, a cantidade total de vinte mil euros (20.000 €) con cargo á aplicación orzamentaria 11.02.313D.481.2 (código de proxecto 2018 00112) dos orzamento xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2021, para os gastos efectivamente realizados no exercicio 2021, derivados da posta en marcha e funcionamento das accións sinaladas na cláusula segunda.

O presente financiamento enmárcase nos fondos do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero (Ministerio de Igualdade), correspondentes á CCAA de Galicia.

CUARTA.- XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO.

A xustificación dos gastos e o seu pagamento realizarase a través de conta xustificativa nos termos establecidos na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, mediante a presentación da seguinte documentación:

1.Memoria de actuación, suscrita polo órgano competente da entidade, xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas, número de persoas usuarias, número de accións formativas realizadas, número de participantes e un resumo global dos resultados obtidos. Como anexo a dita memoria deben



achegar unha ficha cuantitativa segundo o modelo facilitado pola Secretaría Xeral da Igualdade. Así mesmo remitirase a dita memoria co anexo en formato editable.

2.Certificación expedida polo órgano competente da entidade, dos gastos realizados, con identificación dos acredores cos seus NIF, os documentos xustificativos, os importes e datas de pagamento.

3.Copias das facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, incorporados na relación á que se fai referencia no parágrafo anterior e a **documentación acreditativa do pagamento**. Acompañarase unha **declaración** asinada polo órgano competente da entidade indicando que as facturas orixinais están en poder da entidade.

A xustificación dos servizos de intérprete para a atención a vítimas de violencia de xénero, acreditaranse acompañando a certificación sinalada no punto 2, a copia dos xustificantes/fichas dos servizos realizados nos que se identificarán as persoas usuarias a través dun código, e que incluírán, alomenos, a data da realización do servizo, hora de inicio, hora de fin, organismo que solicita o servizo e a súa finalidade, asinado pola/o profesional que realiza o servizo de pola persoa usuaria. Nas fichas achegadas poderanse ocultar os datos persoais das usuarias, non obstante a entidade presentará unha declaración de que as fichas orixinais están en poder da entidade para os efectos de poder efectuar as comprobacións oportunas se se estimase conveniente.

No caso da prestación do servizo de intérprete de signos en actuacións formativas desenvolvidas ao abeiro do convenio, a xustificación realizarase a través dunha certificación do órgano responsable da entidade no que se recolla a actuación na que se realizou o servizo, a data ou datas e hora de inicio e finalización do servizo.

4.Cando formen parte da conta xustificativa documentos de gastos que conleven **ingresos a conta do IRPF** ou cotas por seguros sociais liquidables con posterioridade á data de xustificación, o importe destes ingresos ou cotas considerarase xustificado coa presentación do documento de gasto (factura ou documento equivalente) no que se reflicta o importe da retención ou cotización devengadas na data de xustificación, quedando a entidade obrigada a presentar os documentos acreditativos da súa liquidez nos dez días seguintes ao remate dos prazos legalmente establecidos para o seu ingreso no período voluntario; en todo caso a dita presentación terá como data límite o derradeiro día do mes seguinte ao último trimestre do exercicio da vixencia deste convenio.

5.Declaración responsable de non ter solicitado ou percibido outras axudas para a mesma finalidade procedentes das distintas administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais.

6.Declaración responsable de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da comunidade autónoma ou ben as certificacións acreditativas de estar ao día no cumprimento das ditas obrigas.

A xustificación comprenderá os gastos realizados e pagados entre o **1 de decembro de 2020 e o 30 de novembro de 2021**, e deberá presentarse na Secretaría Xeral da Igualdade con data límite o **3 de**



decembro de 2021. Non obstante, de acordo co establecido no artigo 62 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, poderán realizarse pagamentos á conta por un importe de ata o 80% da porcentaxe subvencionada, correspondente aos pagamentos xustificadas. Para o seu aboamento será necesario presentar a documentación antedita, agás a memoria de actuación.

De acordo co establecido no artigo 65.4.f) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, en relación cos artigos 62.3 e 67 do mesmo corpo legal, quedan exonerados da constitución de garantías os beneficiarios e as beneficiarias de subvencións con cargo aos créditos orzamentarios correspondentes ao capítulo IV, transferencias correntes, destinados a familias e institucións sen fins de lucro.

QUINTA.- OBRIGAS

A Federación de Asociacións de Persoas Xordas de Galicia, como entidade beneficiaria da subvención, comprométese a:

- a) Desenvolver as actuacións recollidas na cláusula primeira deste convenio, e que constitúen o seu obxecto, e xustificar a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención, sen percibir ningunha remuneración por parte das persoas usuarias deste programa.
- b) Realizar a divulgación das actuacións segundo as instrucións que determine a Secretaría Xeral da Igualdade e facer constar expresamente en toda publicidade ou presentación pública que se realice o logotipo da Xunta de Galicia, así como que as axudas están a ser financiadas con fondos do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero (Ministerio de Igualdade), deixando constancia, se fora o caso, na sinalización exterior dos lugares onde se realicen as accións, e sempre nas actividades de difusión, que estas se financian cos mencionados fondos (incluíndo o logotipo do Ministerio ademais do da Xunta de Galicia e demais logotipos estipulados pola Comunidade Autónoma de Galicia).
- c) Empregar a lingua galega en todas as actuacións derivadas do presente convenio, incluíndo a información en páxinas web. Non obstante o anterior, empregárase a lingua castelán se esta é a elixida pola persoa interesada.
- d) Facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.
- e) Cumprir os requisitos para poder obter a condición de beneficiaria ou entidade colaboradora establecidos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e tamén deberá cumprir o resto das obrigas recollidas no artigo 11 da devandita lei e na Lei 38/2003, de 17 novembro, xeral de subvencións.
- f) Comunicar á Secretaría Xeral da Igualdade calquera modificación das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, así como dos compromisos e obrigas asumidas e, de ser o caso, a



obtención concorrente de subvencións ou axudas para a mesma finalidade procedentes de calquera Administración ou ente público nacional ou internacional. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dos fondos recibidos.

g) Reintegrar a subvención percibida no caso de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión.

h) Subministrar á Secretaría Xeral da Igualdade, en virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, previo requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento pola Consellería de Emprego e Igualdade, das obrigas previstas no Título I da citada lei. O incumprimento desta obriga determinará, se é o caso, a imposición das multas coercitivas previstas no número 4 do citado artigo.

h)- Tratar dun xeito confidencial toda a información recibida directa ou indirectamente e a non utilizar ningún dato desa información de maneira distinta ao obxecto do presente convenio. Así mesmo queda obrigado a manter de forma confidencial e a non revelar ningún dato da información coñecida sen o consentimento previo da Secretaría Xeral da Igualdade.

i)- As demais obrigas previstas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

A Consellería de Emprego e Igualdade, a través da Secretaría Xeral da Igualdade, comprométese a colaborar no financiamento do custe das actuacións previstas a través do outorgamento dunha subvención polo importe establecido na cláusula terceira.

SEXTA. TRAMITACIÓN NA SEDE ELECTRÓNICA DA XUNTA DE GALICIA

A documentación relativa á tramitación deste convenio de colaboración presentarase por medios electrónicos a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>). Para estes efectos empregarase o procedemento PR004, que ten por obxecto a presentación electrónica de solicitudes, escritos e comunicacións que non contén cun sistema electrónico específico establecido na normativa reguladora de cada procedemento nin cun modelo electrónico normalizado.

Para a presentación das solicitudes poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluíndo o sistema de usuario e clave Chave 365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, a Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada.

No caso de que se achegue a documentación presencialmente, requiriráselle para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos considerarase como data de presentación aquela en que fose realizada a emenda.

No caso de que algún dos documentos que se van presentar de forma electrónica supere os tamaños máximos establecidos ou teña un formato non admitido pola sede electrónica da Xunta de Galicia, permitirase a súa presentación de forma presencial dentro dos prazos previstos e na forma



indicada no parágrafo anterior. A información actualizada sobre o tamaño máximo e os formatos admitidos pode consultarse na sede electrónica da Xunta de Galicia.

SÉTIMA. NOTIFICACIÓNS

As notificacións practícaranse por medios electrónicos nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

As notificacións electrónicas realizaranse mediante o Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal, dispoñible a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>). Este sistema remitirá avisos de posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil facilitados pola entidade. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

As notificacións entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido e entenderanse rexeitadas cando transcorresen dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, practícarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

OITAVA.- COMPATIBILIDADE

Esta axuda é incompatible coa obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos doutras entidades para a mesma finalidade procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

NOVENA.- DURACIÓN.

O presente Convenio terá vixencia dende a súa sinatura e ata o 31 de decembro de 2021.

DÉCIMA.- INEXISTENCIA DE RELACIÓN LABORAL

A subscrición do presente convenio non implicará relación laboral ou de calquera outra natureza entre as persoas ou profesionais que desenvolvan as accións que constitúen o seu obxecto e a Consellería de Emprego e Igualdade (Secretaría Xeral da Igualdade) de tal xeito que, por este concepto, non se lle poderá esixir a este departamento ningunha responsabilidade directa nin subsidiaria.

A subscrición do presente convenio non implicará relación laboral ou de calquera outra natureza entre a Consellería de Emprego e Igualdade, Xunta de Galicia, organismo ou entidade dependente ou vinculado a mesma e as persoas ou profesionais dependentes da Federación de Asociacións de Persoas Xordas de Galicia, que desenvolvan as accións que constitúen o seu obxecto, de tal xeito que, por este concepto, non se lle poderá esixir a este departamento ningunha responsabilidade directa nin subsidiaria.



DÉCIMO PRIMEIRA.-MODIFICACIÓN DO CONVENIO

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión desta axuda, e en todo caso a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da contía da axuda contemplada no presente convenio.

DÉCIMO SEGUNDA.- CAUSAS DE RESOLUCIÓN E REVOGACIÓN

Serán causa de resolución do presente convenio as recollidas Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, en especial o incumprimento dalgunha das estipulacións contidas nas súas cláusulas.

A axuda concedida ao amparo deste convenio poderá ser obxecto de modificación, revogación ou reintegro total ou parcial, xunto cos xuros de demora, cando concorran as circunstancias previstas nos artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na Lei 38/2003, do 17 novembro, xeral de subvencións.

De acordo co artigo 14.1 n) da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia, os criterios de graduación dos posibles incumprimentos para determinar a cantidade a minorar ou reintegrar serán os seguintes:

O incumprimento total dos fins para os que se concede a subvención, da realización dos gastos subvencionados ou da obriga de xustificación dará lugar á perda do dereito ao cobro ou, no seu caso ao reintegro da totalidade da axuda percibida.

Calquera outro incumprimento considerarase incumprimento dos fins para os que se concedeu a axuda, da realización dos gastos subvencionables ou da obriga da xustificación, e dará lugar a perda do dereito ao cobro ou, no seu caso, ao reintegro na porcentaxe correspondente á inversión non efectuada ou non xustificada

En caso de incumprimento do presente convenio, transgresión na súa execución ou desestimento pola outra parte, procederase á súa inmediata resolución. Concorridos tales supostos se reintegrará ao Tesouro da Xunta de Galicia as contías aboadas, cos xuros a que dean lugar, de conformidade coa normativa autonómica de aplicación e nos prazos máis perentorios que a mesma dispuxese.

DÉCIMO TERCEIRA.- PROTECCIÓN DE DATOS

En cumprimento dos artigos 29 e 30 do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consejo de 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas en canto ao tratamento de datos personais e a la libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Reglamento Xeral de protección de datos), a Federación de Asociacións de Persoas Xordas de Galicia, en calidade de encargado do tratamento, realizará actividades de tratamento por conta da Consellería de Emprego e Igualdade (Secretaría xeral da Igualdade) en calidade de Responsable do tratamento, respecto aos datos de carácter persoal necesarios para a execución do presente convenio.



Así mesmo adaptarán as súas actuacións ao previsto na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais, así como nas demais disposicións vixentes sobre a materia.

O tratamento de datos consistirá nas actividades necesarias para xestionar o presente convenio.

DÉCIMO CUARTA.- PUBLICIDADE.

En cumprimento do disposto na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, a Secretaría Xeral da Igualdade da Consellería de Emprego e Igualdade, remitirá os datos necesarios para a publicidade do convenio e informarán na páxina web oficial da dita subscripción cos seguintes datos básicos: identificación das partes que interveñen, importe do financiamento, data da sinatura, finalidade e período de vixencia. A sinatura do convenio implica a autorización expresa para o tratamento necesario dos datos e a referida publicidade. As partes asinantes do convenio manifiestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan neste convenio, así coma o resto das especificacións contidas no mesmo, poidan ser publicados no Portal da Transparencia e Goberno Aberto. Así mesmo de conformidade co Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, a Consellería de Emprego e Igualdade publicará no Diario Oficial de Galicia e na súa páxina web oficial, a relación das/dos beneficiarias/os e o importe das axudas concedidas e incluírá as sancións que, como consecuencia delas, se puidesen impoñer nos correspondentes rexistros públicos. A sinatura do convenio leva implícito o consentimento expreso da/o beneficiaria/o a favor da Administración concedinte, para o tratamento necesario dos datos relevantes da axuda concedida e a súa publicidade.

Por outra banda, en cumprimento do disposto nos artigos 18 e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, comunicarase a subscripción deste convenio á Base de Datos Nacional de Subvencións, que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións.

DÉCIMO QUINTA.- RÉXIME XURÍDICO DO CONVENIO, SEGUIMENTO E CONTROL.

Este convenio ten carácter administrativo rexéndose polas cláusulas que nel se establecen e, no seu defecto, polo disposto na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, pola Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, e subsidiariamente, e para o caso de plantexarse dúbidas ou lagoas, polos principios da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.

En todo caso, o Convenio no se atopa comprendido en ningún dos contratos regulados pola Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público.

As cuestións litixiosas xurdidas da interpretación, desenvolvemento e aplicación do convenio serán resoltas pola Consellería de Emprego e Igualdade, poñendo os seus acordos fin á vía administrativa. Contra estes acordos cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior



de Xustiza de Galicia, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Para o seguimento da súa execución ou coñecemento de calquera cuestión sobre a súa interpretación, modificación, resolución ou efectos do mesmo que poidan xurdir, créase unha comisión mixta, que estará integrada por:

-Pola Consellería de Emprego e Igualdade: A secretaria xeral da Igualdade, que poderá dispor que a substitúa algún/ha funcionario/a desa Secretaría.

-Pola Federación de Asociacións de Persoas Xordas de Galicia, o seu presidente ou persoa que esta dispoña para que a substitúa.

E, en proba de conformidade cos termos do Convenio, as partes comparecentes asinan este convenio

A CONSELLEIRA DE EMPREGO E IGUALDADE

O PRESIDENTE DA FEDERACIÓN DE
ASOCIACIÓNS DE PERSOAS XORDAS DE
GALICIA

M^a Jesús Lorenzana Somoza

Iker Sertucha Lista

